



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 6 DE SETEMBRO DE 2021

### 1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00039878P.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Aprobación das actas do 30 de agosto (2 sesións).

### 2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/225/2012.

Licenza obra maior.

Concédease a José Martín Carreira Villamor licenza para a rehabilitación de vivenda familiar situada na Rúa de San Lourenzo, 59.

### 3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/420/2020.

Licenza obra maior.

Acéptase a cesión de viario e concédese licenza a Ana Raquel Moar Antelo para a construcción dunha vivenda unifamiliar na Avda Fernando de Casas Novoa, 6.

### 4. AREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: F/2021/3874.

Validación do gasto de contratos menores por razón de contía.

Valídase a contratación e recoñécese a débeda por importe de 1.323,33 € a favor de EIC DURAN, SL pola dirección facultativa das obras “Reparación e consolidación da ponte de Vidán”.

### 5. AREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: F/2021/3852.

Validación do gasto de contratos menores por razón de contía.

Valídase a contratación e recoñécese a débeda por importe de 1.588,59 € a favor de PROYFE, SL pola dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde das obras “Prolongación da beirarrúa marxe pares (leste) da rúa do Tambre entre Meixonfrío e o polígono do Tambre”.

### 6. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: Continuidade do contrato prestación servizo cemiterio municipal.

Continuidade do contrato de prestación do servizo de conservación e mantemento do cemiterio municipal coa empresa Funeraria Tanatorio Apóstol Santiago, S.L., polo tempo imprescindible para a adxudicación dun novo contrato.

Ordénase á empresa Funeraria Tanatorio Apóstol Santiago, S.L. continuar prestando os servizos de conservación e mantemento do cemiterio municipal de Santiago de Compostela, segundo o contrato formalizado o 12 de setembro de 2017. A prestación dos servizos farase nos mesmos termos pactados no documento contractual e polo tempo imprescindible para adxudicar un novo contrato que se estima, inicialmente, nun período de catro meses dende o 12 de setembro de 2021.

### 7. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00023160B.

Transmisión da licenza de taxi número 40 a favor de Enrique Santos García, por falecemento de seu pai, José Santos Cabanas, titular legal da mesma

Autorízase a transmisión da licenza de taxi nº 40 a favor de Enrique Santos García por falecemento do anterior titular.

**8. INMIGRACIÓN E EMIGRACIÓN. Referencia: 2021/00028285F.**

Aprobación do convenio coa Asociación Coordinadora Galega de Organizacións non Gobernamentais.

Apróbase o convenio coa Asociación Coordinadora Galega de Organizacións Non Gobernamentais para o outorgamento dunha subvención nominativa de 15.000 € para financiar o programa “Compostela+ solidaria”.

**9. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00034329W.**

Aprobar o texto do convenio de colaboración para o ano 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a **Universidade de Santiago de Compostela** pola contía de 10.000 euros para o financiamento do Programa de A Bucodenital a Persoas en Risco de Exclusión Social”.

Apróbase o convenio coa USC para o outorgamento dunha subvención nominativa de 10.000 € para financiar o programa “Atención bucodental a persoas en risco de exclusión social”.

**10. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00039878P.**

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

**URXENCIAS****1.- Aprobación dos prezos públicos dos CSC**

Apróbanse os prezos reducidos e públicos relativos ás actividades regulares e estables da rede de centros socioculturais do curso 2021/22 e dáse conta da programación nos distintos centros.

**Tarifas para actividades centros socioculturais 2021/22**

<b>ADULTOS</b>	<b>TRIMESTRE</b>
<b>45 minutos</b>	<b>25,00 €</b>
<b>1 h</b>	<b>30,00 €</b>
<b>1,5 h</b>	<b>40,00 €</b>
<b>2 h</b>	<b>55,00 €</b>

<b>NENOS</b>	<b>TRIMESTRE</b>
<b>45 minutos</b>	<b>20,00 €</b>
<b>1 h</b>	<b>25,00 €</b>
<b>1,5 h</b>	<b>35,00 €</b>
<b>2 h</b>	<b>45,00 €</b>

<b>SENIOR</b>	<b>TRIMESTRE</b>
<b>45 minutos</b>	<b>20,00 €</b>
<b>1h</b>	<b>25,00 €</b>
<b>1,5 h</b>	<b>35,00 €</b>
<b>2 h</b>	<b>45,00 €</b>

<b>MINORADO</b>	<b>TRIMESTRE</b>
<b>45 minutos</b>	<b>10,00 €</b>
<b>1h</b>	<b>12,00 €</b>
<b>1,5 h</b>	<b>15,00 €</b>
<b>2 h</b>	<b>20,00 €</b>

<b>CLUBS</b>	<b>TRIMESTRE</b>
	<b>5,00 €</b>

**2.- Concesión dunha licenza para demoler a edificación situada nos números 20 e 22 da Avda. de Vilagarcía.**

Concédease a Dº Vicente Barros Mejuto licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme ao proxecto redactado polo arquitecto técnico Vicente Fernández Lago, demolición da edificación situada na Avda de Vilagarcía 20 e 22 cun orzamento de execución material de 2.500 €.

**3. - Adxudicación do contrato para a execución das obras do proxecto básico e de execución de espazo cuberto de usos múltiples para o barrio de Sta. Marta-Choupana**

Adxudícase o contrato de referencia a favor de BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS SL, por un importe de 101.292,36 euros (IVE aparte 21%: 21.271,40 euros. Orzamento total de 122.563,76 euros ) ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas. Así mesmo, compromete unha ampliación do prazo de garantía das obras por un período de CINCO (5) anos, sobre o mínimo establecido no prego; un aumento de orzamento de control de calidade dun DOUS (2) % sobre o 1% obligatorio e un aumento do orzamento do programa de actuación ambiental dun DOUS (2) % sobre o proxectado..

Desígnase como técnico municipal director responsable do contrato a Antonio Ranedo Santillana, xefe do servizo de Obras e Proxectos.